

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. De acordo coa Lei Xeral de Sanidade, quen serán titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria?**

- A) Os cidadáns españois non residentes en España, en todo caso.
- B) Os cidadáns estranxeiros, en todo caso.
- C) Todos os cidadáns españois e estranxeiros, calquera que sexa a súa residencia.
- D) Todos os cidadáns españois e estranxeiros que teñan a súa residencia en España.

**2. De acordo coa Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, a comunicación de datos de fontes accesibles ao público non se poderá efectuar a ficheiros de titularidade privada:**

- A) En ningún caso.
- B) Agás co consentemento do interesado.
- C) Agás que unha lei prevexa outra cousa.
- D) b) e c) son correctas.

**3. A quen lle corresponde esixir responsabilidade política á Xunta de Galicia e ao seu Presidente?**

- A) Ao Parlamento de Galicia.
- B) Ao Senado.
- C) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- D) Ao Tribunal Supremo.

**4. De acordo co Decreto de provisión de prazas de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, cal será o procedemento xeral de selección de persoal estatutario fixo?**

- A) O concurso de méritos.
- B) A contratación directa.
- C) O concurso-oposición.
- D) A oposición.

**5. De acordo coa Constitución Española, cal dos seguintes non é un dereito fundamental?**

- A) O dereito á vida e á integridade física e moral.
- B) A liberdade de cátedra.
- C) O dereito de fundación para fins de interese xeral.
- D) O dereito á libre sindicación.

**6. De acordo co Estatuto marco do persoal estatutario, o persoal sanitario de formación profesional se dividirá en:**

- A) Técnicos especialistas e Técnicos de grao medio.
- B) Técnicos superiores e Técnicos.
- C) Técnicos de grao medio e Técnicos de grao superior.
- D) Licenciados sanitarios e Diplomados sanitarios.

**7. De acordo co Estatuto marco do persoal estatutario, cal dos seguintes non é un nomeamento de persoal estatutario temporal?**

- A) O nomeamento de fomento do emprego.
- B) O nomeamento de interinidade.
- C) O nomeamento de substitución.
- D) O nomeamento de carácter eventual.

**8. De acordo co Decreto legislativo galego 2/2015, as probas de promoción interna outorgarán unha puntuación específica no caso de...:**

- A) Disfrutar dunha licenza por maternidade nos dous últimos anos.
- B) Disfrutar dunha licenza por maternidade nos cinco últimos anos.
- C) Disfrutar unha excedencia forzosa.
- D) Disfrutar unha excedencia voluntaria.

**9. De acordo coa Lei galega 3/2001, a Historia Clínica incluirá, polo menos:**

- A) O documento de consentimento informado.
- B) O médico ou profesional responsable.
- C) Os datos relativos ao proceso.
- D) Todos os anteriores, entre outros.

**10. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, son funcións do Servizo Galego de Saúde...:**

- A) O desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica.
- B) A xestión da carteira de servizos dos establecementos propios e adscritos.
- C) A compra de actividades sanitarias que sexan precisas en cumprimento dos seus fins.
- D) Todas as anteriores, entre outras.

#### Preguntas de reserva

**1. Cal dos seguintes é un órgano unipersoal das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada?**

- A) A Comisión de Dirección.
- B) A Xunta de Persoal da área.
- C) A Dirección de Recursos Humanos.
- D) A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

**2. Cal é o órgano colexiado de goberno de Galicia?**

- A) O Parlamento de Galicia.
- B) O Presidente da Xunta de Galicia.
- C) A Xunta de Galicia.
- D) O tribunal Superior de Xustiza de Galicia.